



Sorteo de verán 2024 pescadeRías de onde se non Instagram

Termos e condicións legais

Bases legais sorteo de verán 2024 pescadeRías de onde se non?

Identificación da empresa organizadora

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega con domicilio fiscal en Rúa Damas Apostólicas nº 15. Oficina 103C. A Ramallosa. 36370 Nigrán-Pontevedra e con CIF F-36527109 organiza o sorteo de dous lotes de produtos de merchandising da campaña Galicia sabe Amar e da marca pescadeRías de onde se non? promovidas pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia. Os lotes de produtos entregaranse a dúas persoas distintas.

Datos do sorteo

O sorteo comezará o 10/07/2024 ás 09:00h e rematará o 21/07/2024 ás 23:59 horas. Poderase participar so nese período.

Poderán participar as persoas que residan en España (Excepto nas cidades Autónomas de Ceuta e Melilla).

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega (en diante Ardora) resérvase o dereito de aprazar ou ampliar o período do concurso no caso de forza maior, así como a facultade de interpretar os termos e condicións recollidos neste documento.

Regras e condicións para participar

Poderán participar no concurso as persoas maiores de 18 anos.

Non poderán participar:

1. persoal vinculado (socias e traballadoras/es) á empresa que xestiona a marca de calidade (Ardora),
2. persoal vinculado á xestión da marca de calidade na administración pública (Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia),
3. familiares de primeiro grao do persoal recollido nos puntos 1 e 2,
4. perfís fraudulentos,
5. expertos en concursos

Como participar?

Para participar no sorteo deberá cumprir dúas accións:

1. Seguir o perfil de @pescaderias en Instagram.

Sorteo de verán 2024 pescadeRías de onde se non Instagram

Termos e condicións legais

2. Mencionar a un amigo no teu comentario.

Selección das persoas gañadoras e modalidade de sorteo

Dúas persoas gañadoras serán seleccionadas entre as persoas participantes a través dunha ferramenta en liña de sorteo aleatorio e o resultado sera publicado no noso perfil de Instagram o día 23 de xullo.

A comunicación ás dúas persoas gañadoras realizarase a través de mensaxe privado de Instagram e da publicación no perfil da marca co seu nome de usuario.

Así mesmo seleccionaranse 3 persoas suplentes para que, no caso de non contactar coas persoas gañadoras nun prazo de 48 horas dende a publicación do resultado do sorteo no perfil de Instagram, estas poidan ser seleccionadas como gañadoras seguindo a orde de prioridade dos resultados do sorteo.

Valor e natureza do premio

O premio consistirá en:

Un lote de merchandising da campaña Galicia sabe amar e da marca pescadeRías de onde se non? por persoa, composto de bolsa-mochila, mandil, botella, plato, abanico, libro de receitas, libreta, bolígrafo, abrebottas, chaveiro, bolsa de algodón, identificador de maletas, bloc de notas e pegatinas.

As persoas gañadoras deberán comunicar no prazo dunha semana despois da notificación e por correo electrónico ao enderezo pescaderiasdeondeseno.cmrn@xunta.gal, o enderezo no que queren recibir os produtos. O enderezo debe estar situado no territorio nacional (Excepto as cidades Autónomas de Ceuta e Melilla).

Protección de datos de carácter persoal

Os datos facilitados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo Ardora a titular e responsable de dito ficheiro, co obxectivo de:

- Xestionar a participación das persoas e poñerse en contacto con elas.
- Comunicarlles que resultaron gañadores/as do sorteo.

Ardora garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos

Sorteo de verán 2024 pescadeRías de onde se non Instagram

Termos e condicións legais

no sorteo de verán, en especial no que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas participantes.

Penalizacións no caso de uso fraudulento

Ardora resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado como manipulación ou falsificación do sorteo.

Ardora queda eximida de calquera responsabilidade por danos e prexuízos que poida deberse á falla temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento da aplicación mediante a que se participa no sorteo, á defraudación da utilidade que as persoas usuarias puideran atribuír á mesma e ao acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de Internet.

Este sorteo non está vinculado a ningunha plataforma ou rede social

Instagram non patrocina, avala nin administra de modo algún este sorteo, nin está asociado a el. A persoa participante está proporcionando a súa información e datos a Ardora e non a Instagram.

Aceptación das Bases Legais

A participación no sorteo implica a aceptación dos presentes termos e condicións legais. Calquera manifestación de non aceptación da totalidade ou parte das bases legais implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia dela, Ardora quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con esta persoa.